



CONCELLO DE REDONDELA

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CELEBRACIÓN DE VODAS E APERTURA DE FONTES PÚBLICAS.

Dende o día 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde elevou a pandemia internacional, a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19.

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, adoptou unha serie de medidas en relación coa limitación da mobilidade das persoas, así como das actividades sociais e económicas do noso país, co fin de contribuír á contención do avance do COVID-19.

O Concello de Redondela no seu ámbito de competencias e territorial, adoptou igualmente as medidas de organización precisas co fin de colaborar na contención da expansión, para protexer a saúde da veciñanza.

Así e mediante Resolución da Alcaldía nº 691 do 15 de marzo se acordou o peche das fontes públicas conectadas ao sistema de abastecemento municipal en todo o término de Redondela.

Así mesmo, en virtude Resolución da Alcaldía n.º 703 do 16 de marzo de 2020 se restrinxiu a celebración de vodas ao número de asistentes mínimo imprescindible.

Tras a aprobación polo Goberno do Estado o 28 de abril de 2020, do Plan de Transición cara a unha nova normalidade, comezou ou desenrolo das distintas fases de flexibilización das restricións establecidas con motivo da propagación do COVID-19.

Dende o día 8 de xuño de 2020, a Comunidade Autónoma de Galicia se encontra na fase III da desescalada, cuxas medidas e restricións se regulan na Orde SND/458/2020, do 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

No BOE n.º 163, de 10 de xuño de 2020 se publica o Real Decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que contén a normativa básica para todo o territorio nacional para regular a nova normalidade, con independencia das competencias asumidas por cada Comunidade Autónoma.

Co obxecto de adaptar as decisións adoitadas polo Concello de Redondela á evolución da situación sanitaria e normativa e en virtude das competencias que outorga a esta Alcaldía ou artigo 21.1. m) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, procédese á adopción da seguinte

RESOLUCIÓN,

PRIMEIRO.- Acordar a apertura das fontes públicas conectadas a rede de abastecemento municipal en todo o término de Redondela, así como as duchas e lavadoiros das zonas de praias.

Digna Rosa Rivas Gómez (1 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 10/06/2020
HASH: 779ff037427597e54eb7008907042



María Ángeles García Villaverde (2 para 2)
Secretaría Xeral
Data de Sinatura: 12/06/2020
HASH: e4c9bea343466764f554de9201ba64d2



RESOLUCIONES DE ALCALDIA

Número: 2020-1322 Data: 10/06/2020



Cod. Validación: 4RY3ETWYFY26WJM6ZGGL3TERD | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



SEGUNDO.- Os actos de celebración de vodas civís se realizarán segundo coas condicións que permita a normativa sanitaria en cada fase e retomará a normalidade cando así o permitan as normas de aplicación, deixando sen efecto a resolución da alcaldía n.º 703 de 16.03.2020.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución na web municipal para o seu público coñecemento.

CUARTO.- Comunicar a presente resolución aos servizos afectados.

A ALCALDESA

Digna Rosa Rivas Gómez

A SECRETARIA

M.^a Ángeles García Villaverde

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

RESOLUCIONES DE ALCALDIA
Número: 2020-1322 Data: 10/06/2020



Cod. Validación: 4RY3ETWY26WJM6ZGGL3TERD | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2